

Eduardo Pondal. Poesía galega completa IV. Os Eoas,
Manuel Ferreiro

Diego Pardo Amado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PARDO AMADO, DIEGO (2011 [2005]). “*Eduardo Pondal. Poesía galega completa IV. Os Eoas, Manuel Ferreiro*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2005, 216-217. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1079>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PARDO AMADO, DIEGO (2005). “*Eduardo Pondal. Poesía galega completa IV. Os Eoas, Manuel Ferreiro*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2005, 216-217.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Eduardo Pondal. Poesía galega completa IV. Os Eoas.

Manuel Ferreiro

Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2005

DIEGO PARDO AMADO

Após a morte de Eduardo Pondal o 8 de marzo de 1917, múltiples foron as tentativas de reconstrución do poema épico en que o insigne escritor traballou obsesivamente máis de medio século do seu periplo vital, sen ser finalmente dado ao prelo. Os fragmentos que o poeta publicou en vida, as referencias de intelectuais da altura realizadas sobre a obra en xornais e correspondencia privada (Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, José Antonio Parga Sanjurjo, Jaime Solá, Ramiro Vieira Durán, Xavier María Santiso, Fontenla Leal, etc.), así como as enormes dificultades ecdóticas dos manuscritos legados á Real Academia Galega, converteron *Os Eoas* na grande epopea nacional inconclusa, sen un texto definitivamente consolidado até a publicación da edición que agora recensionamos.

O traballo de Manuel Ferreiro fixa o texto mecanografado achado na Real Academia Galega en setembro de 2000, e demostra a existencia dunha versión íntegra definitiva da obra pensada por Pondal. Consta ademais dun extenso “Estudo introdutorio” en que se tratan aspectos axiais sobre a xénese, recepción e fortuna editorial d’*Os Eoas*, acrecentando aínda no tramo final da obra, baixo o epígrafe de “Materiais complementarios”, unha útil transcripción das versións mecanografadas de cada oitava e os manuscritos atopados con elas.

O primeiro dos apartados, “Estudo introdutorio” (pp. IX-LXXI), reproduce e analiza numerosa correspondencia privada de Pondal, así como referencias a *Os Eoas* en publicacións da época (*El Ideal Gallego*, *Revista de Galicia*, *Vida Gallega*...) nas que o poeta é interrogado sobre o proceso de elaboración do agardado poema e sobre a data en que vería a luz. Así mesmo, Manuel Ferreiro presenta a dita documentación como demostración da tese de que arredor de 1912/1914 ten lugar a finalización da redacción d’*Os Eoas* e o comezo da copia dactiloscrita (utilizada como texto base na edición de que falamos). Outrosí, reflexiónase respecto da cuestión da non publicación da obra en vida do seu autor. Fronte á explicación tradicional defendida por Carballo Calero (por un lado, o carácter dubitativo de Pondal, derivado dun enfermizo afán perfeccionista; polo outro, a consciencia do carácter anacrónico dun poema épico baseado en modelos renacentistas en pleno século XIX), o autor desta edición aduce como razón última as crises periódicas que no final da súa vida mesmo o privaron da capacidade de tomar decisións e de escribir, ao tempo que se adhire ás consideracións de Méndez Ferrín,

quen defende que “[...] *Os Eoas* é un texto ben propio do seu tempo. É un poema épico que [...] pretende establecer alicerces incommovíbeis para as letras nacionais futuras; un poema que [...] libérase do costume, dos traballos e dos días, da miudeza realista ou sentimental, para disparar o noso idioma, por ‘mares nunca dantes navegados’ (p. XXXVI)”. Mais fica aínda unha outra cuestión de primeira orde que é abordada a seguir: a aparente incompatibilidade entre a ideoloxía “españolista” do texto (derivada da súa temática) e a ideoloxía rexionalista do seu autor. Neste sentido, sen ser negada a “hispanofilia” do poema, propónse a súa lectura desde a doutrina iberista que o bergantiñán profesaba.

Desde a nosa óptica, a extraordinaria importancia da edición que d’*Os Eoas* realiza Manuel Ferreiro radica non só na feliz (re)descuberta da derradeira versión completa do poema épico, senón tamén na escrupulosa análise dos materiais mecanoscritos e na aplicación eficaz de criterios de selección e transcripción. En efecto, certo é que contamos con mostras do poema anteriores ao ano 2005, mais tamén é verdade que case todas constitúen unicamente mostras parciais da construción lírica pondaliana, ora por escaseza de tempo, ora por claudicación perante as dificultades ecdóticas dos textos utilizados. Deste modo, en 1921 Carré Aldao e Lugrís Freire dan a coñecer en *El Ideal Gallego* o canto XXV, “O vigía de Tope”. Polo seu lado, Fermín Bouza Brey comeza en 1956 un labor de transcripción que abandonará catorce anos máis tarde, deixando arredor de corenta oitavas mecanografadas. Aínda Carballo Calero transcribe, en 1961, corenta e cinco oitavas autógrafas e mais corenta e unha das probas de imprenta de 1885, para alén de publicar o fragmento do orixinario canto V, “A América descuberta”, que xa fora dado ao prelo por Pondal en 1864. Porén, non é até 1992 cando Amado Ricón (quen xa en 1971 retomara o labor de recompilación iniciado polos anteriores autores) tenta unha edición completa d’*Os Eoas*. Ora ben, malia o valioso paso dado por Amado Ricón (revitaliza o interese pola magna obra pondaliana, permitindo a restauración do seu verdadeiro significado), esta edición, concordándonos con Manuel Ferreiro, fica en boa medida invalidada por mor dos variados e graves problemas ecdóticos que presenta, nomeadamente mestura de textos autógrafos e apógrafos, convivencia de estratos de redacción cronoloxicamente moi afastados, ausencia de criterios de selección de redacción e de fixación do texto principal en relación coas redaccións que corrixen o texto ini-

cial, ausencia de numerosas variantes e omisión das observacións realizadas polo propio poeta, omisión de puntos suspensivos e diéreses, problemas de transcripción referidos ás grafías pondalianas, etc.

De por parte, fronte aos 12 cantos en que se agrupan as 1.124 oitavas reais seleccionadas por Amado Ricón para a aproximación que pretende na súa edición, o texto final editado por Manuel Ferreiro (pp. 1-363) consta de 285 oitavas organizadas en 28 seccións: 1ª *O poeta*. 2ª *A musa*. 3ª *Os héroes*. 4ª *O éxodo*. 5ª *Ignotus*. 6ª *Os nomes*. 7ª *O guaiador e os héroes*. 8ª *Os alisios*. 9ª *O Sol cadente*. 10ª *A visión*. 11ª *Os fados*. 12ª *Turbazón e inquietude*. 13ª *O bardo*. *Os acentos*. 14ª *O infinito*. 15ª *Inmensidades e monotónia*. 16ª *Falsas lontananzas*. 17ª *Dudas e zozobras*. 18ª *Íntimas torturas*. 19ª *Visión da patria*. 20ª *Coloquio das lonas*. 21ª *O vigía da gavia*. 22ª *Visión da fe*. 23ª *Señales de terra*. 24ª *Os dioses temen*. 25ª *O vigía de tope*. 26ª *Os dioses caen*. 27ª *Un novo mundo!* 28ª *Un novo mundo! (Epílogo)*. A obra asume un carácter de excepcionalidade (esixido polo xénero épico a que se adscribe) a través da narración da descuberta de América por Cristovo Colombo, especialmente posto de relevo, ao carón dunha vasta galería de personaxes secundarias, como mostran os títulos e o contido das seccións 6ª e 7ª, “Os nomes” e “O guaiador e os héroes”. Igualmente, *Os Eoas* no seu conxunto significa a vontade de dignificación da lingua galega, expresada de modo claro no prólogo “Al lector”, elemento paratextual en español por razóns sociolingüísticas sobradamente coñecidas: “Este trabajo poético escribí únicamente con el objeto de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sino también de los más arduos y arriscados y propios de mayores empeños” (p. 5). Neste sentido, a obra na súa globalidade permite avaliar a evolución lingüística do poeta e o proceso de consolidación de formas e grafías na literatura galega no contexto do proceso de “padronización” do noso idioma que naquela altura daba

comezo, e polo tanto especialmente interesante desde o punto de vista lingüístico.

Do rigoroso exame dos materiais que demostran que existiu unha versión derradeira d’*Os Eoas* preparada por Pondal para a súa impresión, Manuel Ferreiro deriva a presenza de polo menos dous copistas e de dúas fases na súa elaboración. Por outro lado, ofrécelle ao lector unha pormenorizada relación dos documentos utilizados, ao tempo que se describen os criterios de edición polos que se guiará. Deste modo, de cara a salvar os lóxicos problemas que calquera proceso de fixación textual encerra, especialmente no caso de Eduardo Pondal, o autor desta edición opta por seguir os criterios xa empregados na lírica manuscrita e as indicacións externas do poeta. Así mesmo, no caso de estas non existiren, decántase pola redacción mecanografada se non estivese riscada, ou pola primeira redacción, de existiren varias redaccións autógrafas alternativas. En efecto, é na aplicación eficaz de criterios de selección e transcripción e no cientifismo e erudición do seu responsable onde asentan os alicerces sobre os que se ergue unha edición con “un duplo aparato crítico que recolle, antes das notas explicativas, de carácter ecdótico, lingüístico e/ou cultural que o texto do poema esixe, a descrición de cada cuartilla xunto coas correccións mecanografadas, as emendas ou correccións apógrafas e as correccións do poeta, e, por outra banda, as diverxencias gráficas en relación ao mecanoscrito debidas á aplicación dos criterios editoriais” (p. LXV).

Finalmente, fica só acrecentarmos que a edición que d’*Os Eoas* realiza Manuel Ferreiro significa (aproximadamente 91 anos despois da súa finalización por Eduardo Pondal e 84 após as primeiras tentativas de o dar a coñecer) o punto de chegada dun proceso que, felizmente, pon fin ao crebacabezas en que os estudosos e estudosas da obra pondaliana se vían inmersos cando tentaban aproximarse á nosa grande epopea nacional. Por isto, só nos resta felicitar o profesor Ferreiro polo óptimo traballo levado a cabo ■

Casa de orfas

Emma Pedreira

A Coruña: Espiral Maior, 2005

TERESA SEARA

Emma Pedreira acostuma publicar as súas obras ao abeiro dos máis diversos e prestixiosos premios literarios. Así, deuse a coñecer como poeta en 1999 cun volume galardoado co Johán Carballreira (*Diario bautismal dunha anarquista morta*), distinción na que recunca no ano 2000 grazas a *Velenarias* (2001); conseguiu o Eusebio Lorenzo Baleirón con *Grimorio* (2000), o Premio Centenario Fermín

Bouza Brey polo libro *Os cadernos d’amor e os velenos* (2002) e, finalmente, publicaríase en 2005 *Casa de orfas*, que merecera o premio Fiz Vergara Vilariño na súa quinta edición. É este o sétimo poemario dunha autora que xa se ten convertido nunha voz referencial da última poesía galega tanto pola orixinalidade das súas propostas como polo feito de posuír un rexistro e un discurso persoais dentro do panorama da lírica